



CONCELLO DE SANTIAGO

Servizo de Persoal
Sección de Recursos Humanos

Decreto da Concellaría de Economía e Facenda. Santiago de Compostela, 04 de outubro de 2016.

A vista da proposta remitida pola xefatura do Servizo de Informática, do 22 de setembro de 2016; e ao abeiro das competencias que me confire o artigo 127.1.h da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, segundo Acordo de delegación da Xunta de Goberno Local, do 17 de xuño de 2015,

RESOLVO:


Primeiro.- Aproba-la convocatoria para a elaboración dunha lista de agarda de técnico medio en informática, subgrupo A2 de clasificación, segundo o disposto nas Normas de xestión de selección de persoal interino e laboral temporal do concello de Santiago de Compostela, e nas seguintes bases:

1. **DENOMINACIÓN E CARACTERÍSTICAS:** funcionario interino da Escala de Administración Especial, subescala técnica, clase media, subgrupo de clasificación A2 e nivel 18 de complemento de destino.
2. **REQUISITOS DE TITULACIÓN:** grao en Enxeñería Informática, ou equivalente.
3. **MÉRITOS:** os de servizos prestados, formación, posesión de titulación superior, coñecemento da lingua galega e condición de demandante de emprego, nos termos e coas condicións que se sinalan no artigo 3 das Normas de xestión de selección de persoal funcionario interino (BOP número 22 do 03/02/2010).
4. **CELEBRACIÓN DA PROBA:** con carácter previo ao estudo e avaliación dos méritos aportados polos aspirantes, celebrarase unha proba consistente na resolución dun suposto práctico, nun tempo máximo de dúas horas, relacionado con temario que se indica no anexo. Esta proba valorarase con 60 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 30 puntos para superala. Durante a proba os aspirantes non poderán usar ningún tipo de documentación.
5. **AVALIACIÓN DOS MÉRITOS E PUNTUACIÓN TOTAL:** aos aspirantes que superen a citada proba seranlles avaliados os méritos alegados na instancia e correctamente acreditados. A puntuación total de cada aspirante calcularase segundo o establecido no mencionado artigo 2 das Normas de xestión.

Segundo.- Ordenar a publicación das presentes bases e convocatoria na web municipal e no taboleiro de edictos, e da convocatoria na prensa local.

**A Concelleira-delegada de Economía e Facenda,
(PD Xunta de Goberno Local 17/06/2015)**

Asdo. María Rozas Pérez.



CONCELLO DE SANTIAGO

Servizo de Persoal
Sección de Recursos Humanos

ANEXO: TEMARIO QUE REXERÁ A PROBA PRÁCTICA:

1. Definición e estrutura dos sistemas de información. Dimensionamento eficiente dos sistemas de información. Os sistemas de información na Administración Local.
2. Comunicación nas organizacións complexas. Captación, fluxo e aproveitamento da información.
3. Organización e funcionamento dun centro de sistemas de información. Funcións de: desenvolvemento, mantemento, sistemas, bases de datos, comunicacións, seguridade, calidade, microinformática e atención a usuarios.
4. Administración electrónica. Lexislación e normativa de desenvolvemento. Aspectos técnicos da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015 de réxime xurídico do Sector Público.
5. Esquema Nacional de Seguridade. Esquema Nacional de Interoperabilidade e as Normas Técnicas de Interoperabilidade. Estratexia de Ciberseguridade Nacional. CCN-STIC.
6. Solucións tecnolóxicas para a implantación da administración electrónica. Plataforma de administración electrónica. Servizos habilitantes. Estándares.
7. Instrumentos para o acceso electrónico ás Administracións Públicas: sedes electrónicas, canles e punto de acceso. Identificación y autenticación. Sinatura electrónica.
8. Instrumentos para a cooperación entre Administracións Públicas en materia de administración electrónica. Infraestruturas e servizos comúns. Plataformas de validación e interconexión de redes. Utilización de medios e servizos compartidos.
9. Transparencia. Reutilización de datos no Sector Público. Datos abertos.
10. Protección de datos de carácter persoal. Normativa. A Axencia Española de Protección de Datos.
11. Protección xurídica dos programas de ordenador. Tipos de licenzas. Software libre. Software de fontes abertas. Aplicación na contorna ofimática e de servidores web.
12. Sistemas de xestión de bases de datos (SGBD). Arquitectura e modelo de referencia de ANSI. Modelos de datos.
13. Modelo relacional. Linguaxe SQL. Normas e estándares para a interoperabilidade entre xestores de bases de datos relacionais. Estándares de conectividade ODBC e JDBC.
14. Sistemas de información xeográfica. Conceptos e funcionalidades. Tratamento de información xeoreferenciada.
15. Arquitectura de desenvolvemento web. Contorna de desenvolvemento PHP (LAMP) e contorna JAVA.
16. Linguaxes e ferramentas para a utilización de redes globais. HTML, CSS e XML.
17. Accesibilidade e usabilidade. W3C. Deseño Universal. Deseño adaptativo.
18. Web 2.0. Ferramentas de traballo colaborativo e redes sociais.
19. Certificado electrónico e DNI electrónico. Tipos de certificado electrónico para as Administracións Públicas. Servizos de certificación. Protocolos de directorio baseados en LDAP.
20. Ciclo de vida dos sistemas de información. Modelos do ciclo de vida.
21. Análise de requisitos dos sistemas de información e de comunicacións.
22. Análise de sistemas de información. O modelo entidade relación. Entidades e superentidades.
23. Análise estruturada. Dicionario de datos, diagrama de fluxo de datos. Análise esencial.
24. Análise orientada a obxectos. Obxectos, clases, herdanza métodos. Arquitecturas de obxectos distribuídos. UML.
25. Deseño estruturado. Deseño orientado a obxectos.
26. Metodoloxías de desenvolvemento áxil de software. SCRUM.
27. A metodoloxía de planificación e desenvolvemento de sistemas de información MÉTRICA.
28. Xestión documental. Xestión de contidos. Tratamento e custodia de documentos electrónicos. Arquivo electrónico.
29. Equipos departamentais e estacións gráficas de traballo. Dispositivos persoais PC, tabletas e outros dispositivos móbiles. Conectividade e seguridade.
30. Cloud Computing. IaaS, PaaS, SaaS. Nubes privadas, públicas e híbridas.



CONCELLO DE SANTIAGO

Servizo de Persoal
Sección de Recursos Humanos

31. Tipos de sistemas de información multiusuario. Sistemas grandes, medios e pequenos. Servidores de datos e de aplicacións.
32. Arquitectura cliente servidor. Arquitectura orientada a servizos (SOA).
33. Sistemas operativos e contornas de servidor e usuario baseadas en produtos de Microsoft. Conceptos básicos. Administración.
34. Sistema operativo LINUX. Conceptos básicos. Administración.
35. Redes de área local. Redes de área extensa. Interconexión de redes. As redes públicas de transmisión de datos. Redes TCP/IP.
36. Comunicacions: xDSL, Wi-Fi (IEEE802.11), Wi-Max (IEEE802.16). Bluetooth. Seguridade, normativa reguladora. Vantaxes e inconvenientes.
37. Comunicacions móbiles. Xeracións de tecnoloxías de telefonía móbil. Aplicacións móbiles.
38. Redes de nova xeración e servizos converxentes. NGN/IMS. ToIP e Comunicacions unificadas.
39. Seguridade nas redes. Control de accesos. Técnicas criptográficas. Mecanismos de sinatura dixital. Control de intrusións. Devasas. Seguridade no nivel de aplicación: Protección de servizos web, bases de datos e interfaces de usuario.
40. Arquitectura das redes intranet e extranet. Concepto, estrutura e características. A súa implantación nas organizacións. Modelo de capas: Servidores de aplicacións, servidores de datos, granxas de servidores.